

LA MIRILLA

## Unha aspiración cumplida para os adegueiros

X.M.RODRÍGUEZ, F. ALBO  
francisco.albo@lavoz.es

A Estación de Viticultura e Enoloxía de Galicia (Evega), ubicada no municipio ourensán de Leiro, vén acometendo desde o ano 1987 o seu traballo a prol do desenvolvemento tecnolóxico do sector vitivinícola galego, coas cinco denominacións de orixe da comunitade como referente. Ás importantes achegas para o sector, aos traballois de investigación e aos cursos de formación que imparte periodicamente engadiu o pasado 25 de xullo a acreditación ENAC. Trátase da primeira vez na que se consegue este recoñecemento, de carácter internacional, e onde deuse a cofiecer este circunstancia no transcurso dunha visita que realizaron ás instalacións a conselleira de Medio Rural, Rosa Quintana, e o vicepresidente da Xunta, Alfonso Rueda.

A responsable de Medio Rural salientou a importancia de «acadar a acreditación internacional ENAC como centro punteiro para a realización de

O laboratorio da estación de enoloxía obtén a acreditación internacional

ensaños de produtos agroalimentarios» e refeiriuse Rosa Quintana ao feito de que «se trata dunha ferramenta establecida a nivel internacional para xerar confianza sobre a actuación de determinados organismos como laboratorios de ensaio, entidades de inspección ou verificadores ambientais, entre outros». A conselleira lembrou que a Evega



Francisco Rego (primeiro pola dereita), Juan Manuel Casares (terceiro) e Alfonso Losada (cuarto), con outras persoas, durante a visita de Alfonso Rueda e Rosa Quintana á estación de Leiro. FOTO ANTONIO CORTÉS



Un aspecto dos laboratorios da estación enoloxica ourensá

xa contaba con recoñecemento oficial a nivel autonómico, estatal e europeo e que a nova distinción «non só reforza o traballo que leva a cabo este centro para dar solución aos problemas reais que plantea o sector vitivinícola galego senón que tamén lle outorga prestixio a un laboratorio que xa de por si é unha referencia para o sector».

Rueda, que visitaba por vez primeira a estación enoloxica, dixo que a Evega non é un centro «abondo cofiecido» e que se precisaba potenciar máis o seu traballo e os seus cometidos. Salientou a relevancia da acreditación acadada e refeiriuse á importancia da mesma «no novo escenario económico europeo, onde cada día se exixen más garantías



Análise dunha mostra de viño

e onde cada vez hai que ser máis competitivos para exportar, que é un dos obxectivos de futuro para o sector».

Entre os participantes neste proxecto están o monfortino Alfonso Losada, xefe da sección de enoloxía da estación, e o responsável da sección de viticultura, Francisco Rego, unha persoa amplamente coñecida no ámbito da Ribeira Sacra.

O director de Evega salienta o traballo dos investigadores e o apoio da Xunta

O feito de que o laboratorio da estación de Leiro non contase ata agora coa nova certificación supuña un certo problema para os consellos reguladores das denominacións galegas —o da Ribeira Sacra entre eles—, que non sempre podían conseguir neste centro as análises homologadas dos seus viños. Este paso previo é imprescindible para conceder certificación oficial aos viños producidos nas súas adegas, que deben cumplir certos parámetros para obtela. Por este motivo debía acudir a outros centros dotados da referida certificación. A nova categoría da estación de Leiro facilitará agora estes trámites.

O director da Evega, Juan Manuel Casares, sinalou que a acreditación do laboratorio da Evega outorgada pola ENAC (Entidad Nacional de Acreditación) «alcanza os parámetros clásicos nas analíticas de viños: pH, acidez total e volátil (método infravermello medio), grau alcohólico volumétrico (método infravermello medio e achegado), azúcre (método LISA 200) e dióxido de xofre (método fluxo continuo segmentado)». Na súa intervención, antes de guiar a visita das autoridades polas instalacións e o vicio, Casares fixo un recoñecemento público «aos artífices deste paso en firme da Evega cara a conquistar o seu futuro: José Antonio Feijoo, responsable de calidad; Elvira Soto Díaz, xefa de laboratorio, e Alfonso Rivas, secretario técnico do Ingacal (Instituto Galego de Calidade de Alimentaria)». Casares tamén lembrou na súa intervención os proxectos e traballois que desenvolve a estación.

**[a]pinguela**  
IES  
CONTABILIDADE  
PÁGINAS WEB  
APLICACIÓNES INFORMÁTICAS  
MANTEMENTO DE REDES ...

**¡MATRICÚLATE!**

**NOCTURNO**  
FORMACIÓN DE CALIDAD PARA ADULTOS

FONDO SOCIAL EUROPEO  
**IQNet**  
CERTIFIED  
AS/NZS ISO 9001  
ENOR  
R  
Formación Profesional

982 40 31 11  
ies.pinguela@edu.xunta.es

